



O NOSO OBJECTIVO

Promover o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa, ofertando accións formativas diversificadas, dinámicas e innovadoras, que dean resposta ao dereito e á obriga de todo o profesorado á súa actualización científica, didáctica e relacional.



A NOSA MISIÓN

Ser un lugar de referencia para o fomento e intercambio de coñecemento, para a innovación pedagóxica, para os recursos dispoñibles no desenvolvemento das accións formativas, buscando a calidade nos servizos prestados, a implicación e satisfacción de todos os axentes que interveñen, na procura da mellora das competencias profesionais docentes.



Centro de Formación e Recursos
(CFR de Ourense)
Avenida da Universidade 18,
32005 Ourense

988 241 533

cfr.ourense@edu.xunta.gal



@cfrourense



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE FORMACIÓN
E RECURSOS
DE OURENSE

CFR DE OURENSE



A formación é
o camiño

ASESORÍAS

- Educación Dixital
- Infantil e Primaria
- Organización escolar e diversidade
- Linguas estranxeiras
- Lingüístico-social

Actividades de formación no CFR

Realizamos cursos, encontros e xornadas nas nosas instalacións, abertos ao profesorado de distintos niveis e especialidades, cun enfoque práctico e colaborativo.

Formación en centros (PFPP)

Acompañamos aos centros educativos nos seus proxectos de formación, adaptando os contidos ás súas necesidades e prioridades pedagóxicas.

Grupos de traballo e seminarios

Favorecemos o intercambio de experiencias e o desenvolvemento profesional a través de grupos de docentes (dentro do propio centro ou intercentros) que investigan, experimentan e comparten boas prácticas.

PROGRAMAS DE FORMACIÓN

Observa_Acción



Favorece a observación entre docentes para compartir boas prácticas. O obxectivo é aprender uns dos outros e mellorar a calidade educativa dende a colaboración.



Planea

Integra a arte no currículo escolar. A través da creación artística, foméntase o pensamento crítico, a sensibilidade e a participación cultural.



LÓVA

Un proxecto artístico e educativo no que o alumnado crea a súa propia compañía. Fomenta o traballo en equipo, a responsabilidade e a expresión emocional.

INTERNACIONALIZACIÓN

Erasmus sector escolar:

Proxecto de curta duración: 2024-1-ES01-KA122-SCH-000233987 " Puentes Educativos: Tejiendo Redes en el Rural Ourensano "

Erasmus sector adultos:

Acreditación: 2024-1-ES01-KA120-ADU-000295030

OUTROS SERVIZOS

ENAPAs

O CFR organiza escolas de nais e pais con persoas expertas que abordan temas de interese educativo e familiar, apoiando a formación e implicación das familias na escola.

Préstamos (maletas viaxeiras)

O CFR ofrece maletas con recursos didácticos e materiais temáticos para o uso nos centros educativos, fomentando o intercambio e a aprendizaxe compartida.



RCP na aula

Programa práctico para aprender manobras básicas de reanimación cardiopulmonar, promovendo a educación en saúde e a preparación ante emerxencias.